

Autor: **ANTONIO RUBIO**
Ilustrador: **ÓSCAR VILLÁN**

Cartón duro a toda cor. Esquinas redondeadas.

16x16 cm. Dispoñible en:

-Galego:

“Lúa”: 16 páx. ISBN 978-84-8464-541-2

“Cinco”: 12 páx. ISBN 978-84-8464-542-9

“Miau”: 16 páx. ISBN 978-84-8464-543-6

“Paxariña de papel”: 16 páx. ISBN 978-84-8464-544-3

“Crocodilo”: 16 páx. ISBN 978-84-8464-545-0

-Castelán:

“Luna”: 16 páx. ISBN 978-84-933759-7-3

“Cinco”: 12 páx. ISBN 978-84-933759-8-0

“Miau”: 16 páx. ISBN 978-84-933759-9-7

“Pajarita de papel”: 16 páx. ISBN 978-84-933780-0-4

“Cocodrilo”: 16 páx. ISBN 978-84-933780-1-1

Prezo: 6 €/unidade

DO BERCE Á LÚA

A colección “Do berce á lúa” está dirixida a nen@s de 0 a 3 anos de idade, para os que se deseñaron especialmente estes *pictogramas poéticos* ou *poegramas*; un termo acuñado para designar unha nova modalidade de poesía pictográfica baseada na procura dun ritmo de lectura que axude a “educar o ollo e endulzar o oído” do pequeno lector, como explica Antonio Rubio.

Pola súa parte, Óscar Villán -Premio Nacional de Ilustración 1999- elabora a proposta estética destes cinco libros. O seu traballo é totalmente artesanal, con pinceladas e tonalidades de cor facilmente apreciáveis, ata o punto de que as texturas poden case palpase. A imaxe resalta sobre un fondo claro, o debuxo é sinxelo e recoñecible, co toque persoal do que é capaz o propio Villán.

Coa aportación -literaria e plástica- de ámbolos creadores, o papel de KALANDRAKA consiste en harmonizar as partes, orientalas no proceso creativo e proceder á edición final. En canto ao contido, cada exemplar da colección “Do berce á lúa” é un exercicio poético de gran sinxeleza e forza musical. O neno aprende que se le de esquerda a dereita, de arriba abaixo e que o paso das páxinas é o devir dos versos.

Dada a menor importancia da grafía, as imaxes adquiren toda a forza comunicativa. Son imaxes moi lexibles, que se articulan de igual modo que as palabras, coas sílabas contadas. Imaxes que se dispoñen á maneira dos versos. Imaxes ordenadas, medidas, con ritmo e rima final. Imaxes que poden ser lidas de forma autónoma dende a idade máis temperá.





Cada libro é un poema completo que se constrúe:

-En base a unha estrutura poética do cancionero infantil: adición, enumeración, encadenamento, verso e retrouso...

-Sérvese dos recursos poéticos do cancionero tradicional: ecos, rimas, ritmos, onomatopeias, anáforas...

-Responde aos intereses desas idades: os primeiros números (CINCO), as cores (CROCODILO), os animais cercanos (MIAU), a lúa máxica (LÚA), a comida (PAXARIÑA DE PAPEL)...

KALANDRAKA fixo unha aposta moi orixinal ao responder con esta colección á pregunta *¿Que poemas poderían lerse a partir dos seis meses?* E respondeu cun traballo de edición moi esmerado: “Do berce á lúa”. Cinco libros que os pre-lectores poden empezar gozando coma se dun xoguete se tratara... E seguir utilizando para ler autonomamente, trala súa presentación polo adulto.



ANTONIO RUBIO HERRERO (Toledo, 1953)

"Poeta e mestre, bibliófilo e amante do alfabeto", como el mesmo se define. É autor dos libros titulados *O poliño da abeleira*, *A merliña* e *Os oficios de Xan* editados por KALANDRAKA. Tras estudar Maxisterio, exerceu como mestre en diversas localidades de Madrid. Compaxina a escola coa súa afición á literatura. Tamén colabora habitualmente en medios de comunicación. Entre as obras que editou para nenos tamén figuran:

- *El archipiélago de la cabra*
("El duende verde". Anaya. Madrid, 1990)
- *El murciélago Aurelio*
("Los Piratas de El Barco" SM. Madrid, 1994).
- *Bibichos* ("Ajonjolí" Hiperión. Madrid, 1998)
- *El hada de las palabras*
("Los Leones". Sarriá. Málaga. 1998)
- *Versos Vegetales*
("Sopa de libros". Anaya. Madrid, 2001)
- *28 Cuent-fidencias*
("Los leones". Sarriá. Málaga, 2002)
- *La vida láctea* ("Ajonjolí". Hiperión. Madrid, 2004)

comunicacion@kalandraka.com | www.kalandraka.com

ÓSCAR VILLÁN (Ourense, 1972)

Licenciado en Belas Artes, na especialidade de pintura. Colaborou co Departamento de Educación do Centro Galego de Arte Contemporánea no desenvolvemento do "Programa de Introducción á Arte Contemporánea". Con seu primeiro traballo de ilustración para o público infantil, titulado *O coelliño branco*, editado por KALANDRAKA, recibiu o Premio Nacional de Ilustración 1999. Esta obra foi incluída polo Banco do Libro de Venezuela no catálogo dos Mellores Libros para Nenos no ano 2000. Seguiron outros títulos como *A cebra Camila*, *Os dous corcovados*, *A auga está enferma* e *Amora*. Ten colaborado con outras editoriais como SM, Alfaguara ou Xerais.

- **Temática:** pictograma poético ou poegrama
- **Idade recomendada:** de cero a tres anos
- **Aspectos destacables:** ilustracións realistas, combinación de ritmo e rima
- **Aplicacións:** "educar o ollo e endulzar o oído", coñecer o alfabeto, identificar texto e ilustracións, lectura visual; cada libro aborda un tema distinto: cores, animais, números...

